

# OBRIGAS EN MATERIA LABORAL PARA 2024

2024-01-08

Dentro do primeiro paquete de medidas impulsado polo goberno para 2024 encontramos novidades en materia laboral como:

- Obriga de cotizar polos becarios en prácticas a partires do 01 de xaneiro de 2024 tanto si se trata de prácticas remuneradas ou non.
- As empresas poderán bonificar os contratos de interinidade celebrados para substituir as persoas traballadoras en situación de risco durante o embarazo así como os descansos por maternidade aínda que se trate da mesma persoa substituta.
- Aumento do MEI (Mecanismo de Equidad Intergeneracional para garantir as pensións) dun 0,6% a un 0,7% tanto para empresas (0,58% empresa e 0,12% traballador) como para autónomos.
- Os traballadores poderán disfrutar do permiso de lactancia acumulado con independencia do que establezca o convenio colectivo de aplicación da empresa.
- Prórroga temporal da vixencia do SMI do 2023 establecido actualmente en 1.080 euros/mes.
- Obriga de dispor dun plan LGTBI para aquelas empresas con + de 50 traballadores antes do 02 de marzo de 2024, para alcanzar a igualdade real e efectiva deste colectivo.
- A partires de xaneiro de 2024 todas as empresas de + de 50 traballadores deberán contar cun canal de denuncias interno para cumprir coas obrigas de ética e transparencia laboral que esixe a normativa.